



Historia de España 2º Bacharelato
Exame 1 (12 de novembro de 2010)

Apellidos:
Nome:

Cualificación:

1. A partir do documento que se che presenta, identifica o contexto histórico e redacta de xeito claro, coherente e con rigor conceptual, unha explicación dos feitos, antecedentes e consecuencias deste momento. Identifica tamén ante que tipo de documento estamos [a extensión máxima non debe superar as 20 liñas] (2 valores):

“Interesados na riqueza mineira daquel reino, comerciantes e mariños **gregos procedentes de Marsella** frecuentaron tamén as costas da Península e estableceron unha corrente de intercambios cos lugareños que desbordou o espazo catalán e irradiaría por todo o Levante. **Ampurias**, fundada o ano 600 a.C., foi o corazón do ensaio grego en solo ibérico. En pouco tempo os mercadores helenos fomentaron o **comercio coas poboacións indíxenas da zona, canxearon cerámica grega, viño ou aceite**, e helenizaron os costumes nativos ata crear un área permeable ás influencias mediterráneas.

Pero **Tarteso** asistiría pronto ao seu propio sepelio e a colonia ampuriana salvaríase do afundimento xeneralizado grazas á súa relación con Marsella.”

Fernando García de Cortázar: *Historia de España. De Atapuerca al euro.*

2. Ordea cronolóxicamente os seguintes acontecementos, indicando datas dos mesmos (1 valor):

*Califato de Córdoba.- Expulsión dos moriscos.- Hispania visigoda.-
Revolta das Comunidades.- Unión dinástica de Castela e Aragón.*

3. Define con claridade os seguintes conceptos, poñendo exemplos se convén (2 valores):

Megalitismo.- Presura.- Réxime polisinodial.- Unión de Armas

4. Realiza unha composición de texto a partir dos seguintes documentos, redactando de xeito claro, coherente e con rigor conceptual un texto -sen límite de extensión- que identifique os tipos de documentos, antecedentes, causas e consecuencias dos feitos históricos aos que se alude, que ben verás que teñen que ver co reinado dos Reis Católicos (5 valores):

Documento 1:

“(…) Os Reis Católicos ían crear, en definitiva, un tipo de Estado novo, **o xermolo da monarquía absoluta**. Respetaron... as institucións e organismos dos distintos reinos. Mais a unión supuxo a **reorganización financeira e política** do territorio e conlevo a afirmación inequívoca do poder real como chave do Estado e como única fonte de soberanía. A reorganización foi... ampla e profunda: **creación da Santa Irmandade** (1476-1498) como policía rural, tributaria e xudicial; **saneamento da Facenda** (reformas de 1480 e 1495); **reforma do Consello Real** (1480) como órgano supremo da gobernación da Coroa de Castela e da afirmación da autoridade dos Reis; **reorganización da administración de xustiza**, co reforzamento da Real Chancelería de Valladolid e a creación en 1505 da Chancelería de Granada como tribunais supremos; control de vilas e cidades a traveso de delegados do poder real (**correxidores e alcaldes**); (...) e nomeamento dos lugartenentes ou **virreis** como representantes seus naqueles territorios; control directo das Ordes Militares pola Coroa (ata a súa absorción por esta en 1526). Os Reis Católicos asumiron, en suma, a práctica totalidade da acción de goberno dos seus reinos, que exerceron directamente co concurso de colaboradores próximos (...), e **apoiados nunha burocracia, os “letrados”**, crecentemente profesionalizada.

(...) A expulsión dos xudeus, a Inquisición, a guerra de Granada, reforzaron sen dúbida a asimilación da identidade colectiva dos reinos peninsulares coa fe e a ortodoxia cristiás, co principio de limpeza de sangue e coa condición de “cristián vello”.

Juan Pablo Fusi e Francisco Calvo Serraller: “El espejo del tiempo”.

Documento 2:

“Fernando II de Aragón naceu en Sos del Rey Católico e era visto por moitos dos seus coetáneos, incluído o propio **Maquiavelo**, como o perfecto modelo de príncipe. Conforme ía colleitando éxitos consideróuselle como o posible “emperador do mundo”, que segundo unha crenza moi estendida, derrotaría ao Islam, conquistaría Xerusalén e entregaría o seu Imperio directamente a Deus na cidade santa. (...)”

Unha das dificultades principais coas que se atopou Fernando foi a reactivación dos **problemas entre os campesiños e os señores en Cataluña**. A situación dos campesiños era desesperada en toda a península tras varios séculos de loita e famiña, resultando crítica en Cataluña. En grande parte do principado, o campesiñado formado polos **payeses de remensa**, atopábase baixo un duro sistema feudal que amparaba e perpetuaba os chamados malos usos por parte dos seus señores. En 1484 estourou o conflito na comarca da Garrotxa. A revolta chegou ás portas de Barcelona, onde os propietarios das terras, els ciutadans honrats, derrotaron aos sublevados. A guerra rematara, mais as tensións sociais persistían. Pola **sentencia arbitral de Guadalupe**, asinada polo rei, os malos usos e as servidumes feudais foron abolidas, e os campesiños obtiveron estabilidade nas terras que traballaban, aínda que se respectase a propiedade señorial.”

Transcrición do vídeo “Memoria de España” dedicado aos Reis Católicos.

Documento 3:

“(…) Primeramente que Vuestras Altezas como Señores que son de las dichas Mares Océanas fazen dende agora al dicho don **Christoval Colon su almirante en todas aquellas islas y tierras firmes que por su mano o industria se descubran** o ganaran en las dichas Mares Océanas para durante su vida, y después del muerto, a sus herederos e successores de uno en otro perpetualmente con todas aquellas preheminiencias e prerrogativas pertenecientes al tal officio, e segund que don Alfonso Enríquez, Almirante Mayor de Castilla, e los otros sus predecesores en el dicho officio, lo tenían en sus districtos.

Otrosí que Vuestras Altezas **fazen al dicho don Christoval su Visorey e Governador General en todas las dichas tierras firmes e yslas que como dicho es el descubriere o ganare en las dichas mares**, e que paral regimiento de cada huna e qualquiere dellas, faga el eleccion de tres personas para cada officio, e que Vuestras Altezas tomen y scojan uno el que mas fuere su servicio, e assi seran mejor regidas lastierras que Nuestro Señor le dexara fallar e ganar a servicio de Vuestras Altezas.”

Capitulaciones de Santa Fe. 17-4-1492

Exercicio 1:

- *Pobos prerromanos (0,5)*
- *Colonización fenicia e grega (0,5)*
- *Tartessos (0,75)*
 - *Intercambios comerciais cos cartaxineses*
 - *Cutura autóctona*
- *Antecedentes da conquista romana (0,25)*

Exercicio 4:

- *Orixes da monarquía dos reis Católicos (unión dinástica) (0,5)*
- *Fundamentos da monarquía hispánica (o príncipe, as orixes do poder) (0,5)*
- *Construción do Estado moderno: facenda, exército, seguridade, control ideolóxico, unidade territorial. (1)*
- *Política interior: ampliación territorial (Granada, Navarra, Canarias), institucións de goberno (poder municipal en mans do correxidor, poder relixioso co control da Inquisición, poder de policía...) (1)*
- *Política exterior dos Reis Católicos (0,5)*
- *Expansión ultramarina. Descubrimiento de América (0,5)*

SÍNTESE FINAL

- *Inicios do que será unha monarquía absoluta en España*
- *Precedentes da polisinodía dos Austrias*
- *Inicio da conquista de América*
- *Defensa dos valores cristiáns en Europa e contra o avance otomán*

(0,5)

** Valórase a inserción de referencias aos documentos presentados (0,5)*